

# Galaxia vs. Galaxia

## A construción da hexemonía cultural

TEXTO Montse Dopico  
FOTOS Olalla Lojo

Na cultura tamén hai poder, centralidade. E Galaxia representa parte dela. Cristina Martínez analizou na súa tese de doutoramento o xeito no que o proxecto de Galaxia acadou esa posición no sistema cultural galego, no que detecta unha simplificación do debate arredor de dúas posturas antitéticas, baseadas ás veces en visións nesgadas: as loas a Galaxia e as críticas desde o campo do nacionalismo hexemónico. Malores Villanueva vén de defender, pola súa banda, a súa tese sobre a primeira etapa de Galaxia. As interpretacións de ambas investigadoras son diverxentes, mais complementarias, e mostran a dificultade de saír dos discursos prefixados.

MALORES  
VILLANUEVA  
*A editorial Galaxia. Proxecto e Traxectoria, 1950.1963*



CRISTINA  
MARTÍNEZ  
*Discursos sobre Galaxia. Conhecemento construído e novas perspectivas de análise*



Luzes tivo unha conversa en Vigo de máis de catro horas con Cristina Martínez e Dolores Villanueva

### Cal era o obxectivo de cada unha ao comezar a tese e como foi mudando?

CRISTINA MARTÍNEZ (CM): Eu, nun principio, non tiña intención de estudar Galaxia. Foi, en realidade, unha decisión do grupo Galabra, da Universidade de Santiago, ao que pertencía. Ao final foi interesante porque temos que saber como funciona o poder, os elementos centrais, hexemónicos, para entender o sistema.

MALORES VILLANUEVA (MV): Eu fixera un primeiro traballo sobre os discursos do galeguismo do 63 ao 75. Foi Henrique Monteagudo, o meu director de tese, quen propuxo delimitar o tema a Galaxia. Ao final quedei só coa primeira etapa, do 50 ao 63.

### Como se explica a posición hexemónica que Galaxia conquistou no sistema?

CM: As estratexias para alcanzar a centralidade son varias. Unha, a creación de institucións propias, como a editora ou a Fundación Penzol; outra é a conquista de institucións existentes, como a RAG, a USC, o ILG... Tamén o proxecto de erixirse en continuadores da xeración Nós, recollendo o capital simbólico de figuras

como Otero Pedrayo. Ou unha acción política difusa que evita as manifestacións explícitas. Posteriormente, é relevante a súa ocupación da presidencia do Consello da Cultura Galega.

MV: Galaxia funciona como unha rede. Xa na reunión de Coruxo, na que se refunda o Partido Galeguista, conta Ánxel Fole que se fala dun proxecto de crear unha revista e de publicar libros. Pero nese momento triunfa a liña política e decídese actuar na clandestinidade. Aí está o xermolo do que será Galaxia, que desde o principio ten vontade de ser centro e que por iso tenta conseguir o apoio do maior número de persoas posible. Despois retómase o proxecto e Plácido Castro, Celso Collazo e Isla Couto fundan a Sociedade de Estudos e Publicacións (SEPT). A lingua é central. E Galaxia consegue impoñer o criterio filolóxico, fronte á postura de autores galegos coa obra en castelán. Claro que queren entrar en institucións como a RAG, porque nese momento estaba ocupada por franquistas e aíns, que escribían en castelán.